


**CONCELLO
DE VIGO**




VIGO
EN GALEGO



DOSSIER DE CONTIDOS

ESCRITA CREATIVA
NIVEL 2 | 20 horas

Obxectivos xerais

Fomentar a práctica da escrita creativa como ferramenta de expresión persoal, estimular o desenvolvemento do pensamento literario, fortalecer a competencia comunicativa e promover activamente o uso da lingua galega como canle de creación, experimentación estética e construción da voz propia.

Obxectivos específicos

- Estimular a creatividade e a escritura espontánea a través de consignas abertas e facilitar un espazo de creación no que predomine a liberdade formal e temática.
- Achegar ás persoas participantes ás técnicas e elementos fundamentais da narrativa e da poesía, a través de exercicios prácticos, revisións colectivas e a achega dunha selección de textos literarios e/ou técnicos que sirvan como exemplo dos contidos teóricos tratados na aula.
- Acompañar ao longo do proceso de consolidación da voz literaria propia, promovendo a exploración libre de cada individuo.
- Perfeccionar o uso das ferramentas técnicas da escrita, das técnicas de planificación e nas estruturas máis empregadas (en función do xénero escollido).
- Potenciar a lectura crítica e a capacidade de ofrecer e recibir retroalimentación construtiva, aprendendo a escoitar e a ser escoitado/a con respecto, claridade e criterio literario.

Número de horas totais

20 horas (distribuídas en 8 clases de 2,5 horas cada unha)

Contidos

1. As engrenaxes desta criatura imperfecta: a intención narrativa, o que queremos contar. O pacto ficcional.
2. A arquitectura da narración: do micro ao macro (fitos, esceas, arcos).
3. Narrar é crear: a relación entre narrador, foco e fiabilidade. A perspectiva e a voz narrativa.
4. Somos seres complexos: a creación do personaxe, a importancia do arco de personaxe, a voz propia.
5. Un novo horizonte: introducción ao worldbuilding e os seus perigos. A importancia da verosimilitude.
6. Falar do tempo: a importancia do tempo e ritmo narrativos. O tempo literario vs. o tempo cronolóxico.
7. A poesía é unha casa en chamas: o texto poético como artefacto.
8. E agora, que digo?(II): o poder do diálogo en narrativa.
9. Textos ao aire, textos ao lume: recursos e fontes para nutrir a escrita. O contrato
10. A voz que permanece (II): como traballar sobre o texto para dar coa súa versión definitiva.